

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 15 de novembro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día quince de novembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, e antes de pasar ó exame da orde do día, acórdase a seguinte:

DECLARACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

En relación cos acontecementos ocorridos consecuencia da DANA en concellos da Comunidade Valenciana, Castela a Mancha e Andalucía, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial quere facer constar que:

- 1- Defende a unidade de todos ante esta catástrofe e traslada a súa solidariedade aos familiares das vítimas e persoas desaparecidas, así como a cantos perderon a súa casa ou se viron obrigados a abandonar os seus fogares.*
- 2- Comparte a predisposición e apoio necesarios á hora de favorecer e implementar todas aquelas declaracións e plans de axuda que establezan o Goberno de España -tendo en conta que acaba de declarar os territorios que sufriron a DANA como zona gravemente afectada- e os gobernos das comunidades autónomas, como así están a facer cada un deles.*
- 3- Valora o traballo insubstituíble dos servizos de Protección Civil e Emerxencias, as Forzas Armadas, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as organizacións non gobernamentais, os profesionais sanitarios, os medios de comunicación e todos cantos contribuíron a reducir as consecuencias deste temporal. En particular, salienta a solidariedade e exemplo de servizo público do que fixeron gala os bombeiros do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento que se desprazaron a Valencia para participar nas labores de rescate e reconstrución das localidades afectadas polas inundacións, despois de que a Xunta de Galicia solicitara o seu despregamento cumprindo co deber de colaboración entre administracións.*



- 4- *Agradece a disposición mostrada por todo o país , en especial dos voluntarios anónimos que se desprazaron a axudar aos que máis están a sufrir estes días. A súa entrega desinteresada, a súa capacidade para actuar nas circunstancias máis adversas, e o seu incansable traballo na reconstrución do perdido son un exemplo da fortaleza e humanidade que defíne á nosa sociedade.*
- 5- *Á espera de coñecer a magnitude total dos temporais, solidarízase con quen noutras comunidades autónomas de España sufriron as consecuencias da DANA, onde tamén se lamentou a perda de vidas humanas e producíronse danos importantes de carácter material.*

En relación ca orde do día adóptanse os seguintes acordos:

1.34358.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de novembro de 2024.

2.34359.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS E PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON PAÍSES EXTRA-COMUNITARIOS (PRAZAS PROPIAS, ISEP E GE4) 2024 25. (Expte.2024048352)

I. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a promoción e fomento do emprego e o desenvolvemento económico da provincia en xeral, así como das diversas comarcas e concellos en particular, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a unha maior cualificación profesional dos mozos.



Pola súa parte, a Universidade de Vigo ten como un dos seus principais obxectivos potenciar o seu desenvolvemento socioeconómico a través da promoción de novas iniciativas e proxectos de fomento da cultura emprendedora e doutras actividades constituíndo unha das súas actividades principais a participación en programas de mobilidade nacional e internacional nos que poida participar a comunidade universitaria. A Universidade de Vigo participa activamente en programas de mobilidade: no programa Erasmus desde a creación da Universidade de Vigo, curso 91-92, enviando e recibindo estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos e con outros programas propios no marco dos convenios bilaterais e pola participación en redes de intercambios (ISEP, GE4).

A financiación do programa Erasmus+ varía en función do grupo de países e non cobre os gastos de estadia do estudiantado. A pesar de percibir axudas adicionais pola condición de bolseiros do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP), os fondos son insuficientes para financiar os gastos, motivo polo que parte do estudiantado non solicita ou renuncia a realizar a estadia tras tela adxudicada.

A Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo consideran de grande importancia a posta en marcha do programa Erasmus+ Estudos e programas de intercambio con países extra-comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4), promovendo a participación do alumnado en proxectos de mobilidade. A finalidade é a de contribuír á súa formación íntegra de cara á súa integración no mercado laboral e consideran de grande interese a colaboración mutua para favorecer a formación especializada, a actualización de coñecementos, a proxección profesional e o crecemento socio - económico do alumnado que cursan estes estudos.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO), publicada no BOPPO número 249 de data 30 de decembro de 2016.
- Bases do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Demais normativa que resulte de aplicación.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS:

A Universidade de Vigo mediante solicitude presentada na sede electrónica de data 8 de xullo de 2024 e rexistro de entrada núm. 2024011157, remite proposta de convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a promoción da mobilidade internacional. Na mesma, solicitan formalmente apoio para complementar as bolsas dos estudantes que gozarán dunha bolsa de intercambio durante o curso 2024-2025, para a promoción das mobilidades entre o estudantado da universidade e, sobre todo, para permitir a participación daqueles con menos recursos económicos. Con posterioridade, a Universidade de Vigo tamén presentou a declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias aos efectos de obter unha subvención outorgada polas Administracións Públicas, realizándose as comprobacións e consultas nas administracións correspondentes.

O 7 de outubro de 2024 o Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local emite informe no que sinala que a achega económica pode concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, en virtude do artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O dito artigo establece que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Neste sentido, con esta iniciativa contribúese a fomentar e mellorar a empregabilidade e a formación dos titulados universitarios dos campus de Pontevedra e Vigo de cara á súa futura integración laboral así como, de xeito indirecto, ao desenvolvemento económico da nosa provincia. Ademais, non procede unha convocatoria pública xa que na nosa provincia só existe unha universidade pública, polo que a Universidade de Vigo (Campus Pontevedra-Vigo) é a única entidade que pode participar no programa Erasmus+ Estudos e en programas de intercambio con países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4).

O obxecto do convenio é o outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000 € cada unha e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos e para as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4), de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.

Consta no expediente a memoria xustificando a necesidade e oportunidade, o impacto económico e orzamentario, o carácter non contractual da actividade e o cumprimento da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Nesta memoria establécese que a axuda económica que se concede á Universidade de Vigo solicitada á Deputación de Pontevedra ten un importe de 100.000,00 €. O pagamento desta cantidade realizarase do seguinte xeito: un primeiro pagamento de 60.000 € na data da sinatura do convenio, unha vez xustificado o inicio da execución do programa, e un segundo pagamento de 40.000 €, unha vez que presenten a xustificación das 100 mobilidades realizadas.

Así mesmo, conta no expediente informe xurídico no que se sinala que o convenio é correcto xuridicamente. Tamén informe favorable da Intervención de data 29 de outubro de 2024, no que se sinala que o importe total das axudas acada 100.000,00 € e imputarase con cargo á aplicación 24/240.2412.481.01, na que existe crédito para tal fin retido mediante documento R.C. núm. 202400228008.



3. PUBLICIDADE E COMUNICACIÓNS

Existe a obrigaçión de remitir a información sobre este convenio ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e da súa normativa de desenrolo (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016) e de acordo co establecido na Resolución Presidencial de 3 de maio de 2017 (nº rex.2017008767).

4. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do presente convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, consistente no outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000 € cada unha e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos e para as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4) 2024-2025, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes, así como o texto do mesmo, cuxo teor literal é o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, COMO ENTIDADE COLABORADORA, PARA A PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS E PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS (PRAZAS PROPIAS, ISEP E GE4)

REUNIDOS

Dunha parte, D. Luis López Diéguez quen actúa no nome e representación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente do devandito organismo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019 con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.



Ante o secretario desta Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay, que dá fe deste acto, ambas as partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

1.- *Que a Deputación Provincial de Pontevedra é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a una maior cualificación profesional da mocidade.*

2.- *Que a Universidade de Vigo, creada pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, e como organización pública que é, está ao servizo da sociedade, constituíndo unha das súas actividades a participación en programas de mobilidade nacional e internacional nos que poida participar a comunidade universitaria.*

3.- *Que a Universidade de Vigo, como titular da “Erasmus Charter for Higher Education” que lle faculta para participar no programa Erasmus+, leva varios anos sendo beneficiaria de axudas neste programa. Igualmente, esta universidade realiza convocatorias de bolsas propias de intercambio internacionais.*

4.- *Que ambas partes, coa posta en marcha das diversas convocatorias de mobilidade dentro do programa Erasmus+ e na convocatoria de bolsas propias de intercambio internacionais, queren promover a participación do alumnado universitario coa finalidade de contribuír á formación integral do estudantado e á súa adaptación ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria e extra-comunitaria.*

De acordo co indicado, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto do convenio:*

Establecer as bases de colaboración entre a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, nos campus de Pontevedra e Vigo, e a Deputación Provincial de Pontevedra para o outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000 € cada unha e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos e para as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4), de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.

SEGUNDA.- *Obrigas da Deputación de Pontevedra*

Son obrigas da Deputación de Pontevedra:

Transferirle á Universidade de Vigo, para potenciar a mobilidade no cadro do programa Erasmus+, como complemento das bolsas, e como complemento de bolsas propias de intercambio, a achega económica de 100.000 euros para o financiamento de axudas complementarias destinadas aos bolseiros/as de Erasmus+ Estudos da universidade e para os bolseiros das convocatorias de prazas en países extra comunitarios (Erasmus+, prazas propias, ISEP e GE4) seleccionados nos centros de Pontevedra e Vigo.



TERCEIRA.- Obrigas do alumnado beneficiario

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade que determine a concesión e goce da subvención, nos termos establecidos nas respectivas convocatorias dos programas Erasmus+ e nas convocatorias de bolsas propias que se desenvolvan dende a Universidade de Vigo.

CUARTA.- Obrigas da entidade colaboradora

Son obrigas da entidade colaboradora:

- a) Entregarlle ao alumnado beneficiario os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos no presente convenio.
- b) Comprobar, no seu caso, o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade que determine a concesión da subvención.
- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante a Deputación de Pontevedra.
- d) Publicar as convocatorias para a selección de estudantes participantes nos programas de Erasmus+ Estudos, así como de solicitar a financiación europea perante o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).
- e) Publicar as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (Erasmus+ Internacional, prazas propias, ISEP e GE4) para a selección de estudantes participantes.
- f) Asumir a organización, desenvolvemento e xustificación das actividades de mobilidade de estudantes referidas nesta cláusula.
- g) Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra a relación de estudantes beneficiarios, así como as contías individuais asignadas a estes ao abeiro do presente convenio de colaboración.
- h) Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para percibir subvención.

QUINTA.- Financiamento:

A financiación deste convenio, que ascende a 100.000€, farase con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2412.481.01 do orzamento de gastos da Deputación de Pontevedra.

SEXTA.- Pagamento e xustificación:

A axuda económica que se concede á Universidade de Vigo solicitada á Deputación de Pontevedra terá un importe de 100.000€, dos que 60.000€ se pagarán na data da sinatura do convenio, unha vez xustificado o inicio da execución do programa, e os 40.000€ restantes unha vez que presenten a xustificación das 100 mobilidades.

A Universidade de Vigo deberá xustificar perante a Deputación Provincial de Pontevedra o importe individual de cada bolsa concedida especificando o programa (Erasmus+ Estudos, prazas propias, ISEP ou GE4), mediante xustificación bancaria, o nome, apelidos e DNI, titulación e campus no que está matriculado o/a beneficiario/a, a duración da estadía financiada (data de chegada e partida) e o país de destino. Esta xustificación farase unha vez aboadas todas as bolsas ao estudiantado seleccionado tendo como data límite o 31 de outubro de 2025.

Así mesmo, a Universidade de Vigo deberá xustificar a financiación recibida como achega complementaria ao programa Erasmus+ perante o SEPIE.

SÉTIMA.- Publicidade:

As partes asinantes obríganse, coa formalización deste convenio, a facer públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio deste convenio.



OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- a. O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b. O mutuo acordo das partes.

NOVENA.- Duración do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e o seu período de vixencia rematará o 30 de novembro de 2025, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar, de forma expresa, o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, á que lle corresponderá a interpretación do convenio e a resolución de controversias que se poidan xerar na súa execución.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das normas de desenvolvemento que a cada parte lles resulten aplicables.

As partes comprométese a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo e a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio. Así mesmo, os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio. Non obstante, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública aplicable á Universidade de Vigo e, de ser o caso, á outra parte.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan e rubrican as partes este convenio.”

2.- Facultar ao Presidente para a formalización do mencionado convenio, mediante a súa sinatura.

3.- Notificar este acordo ás partes interesadas.



3.34360.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA (Expte.2024065220)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido de implementar medidas de calmado de tráfico, mobilidade amable e sostible e seguranza e calidade medioambiental de Pontevedra baixo a premisa de contribuír ao desconxestionamento e diversificación do tráfico de paso e mellora da conectividade da entrada oeste da cidade, xunto coa creación de novos espazos para a mobilidade peonil.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra e así, en data 12/09/2024 mediante núm. de rexistro WEB2024057806, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio.
- Con anterioridade, en data 01/08/2024, mediante rexistro núm. 2024012320, o Concello remitiu ao servizo de Infraestruturas da Deputación o proxecto *Vial de conexión entre a Avenida de Marín e a Rúa Rosalía de Castro. Concello de Pontevedra* para a súa supervisión, cuxos técnicos facultativos dan a súa conformidade emitindo informe en data 09/08/2024 (CSV:5WTA140BEZMOQQG3).
- Asemade, segundo o proxecto do referido investimento a estimación económica para a súa execución é de UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (1.279.762,39€), IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación no exercicio 2024.

Unha parte da achega, en concreto, a cantidade que ascende a NOVECIENTOS TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS VINTE CATRO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (938.824,63€) é obxecto do expediente modificación de crédito núm. 05/2024 de 25 de outubro que se está tramitando, mediante a que se suplementará a devandita aplicación con esa cantidade, polo que a concesión da subvención queda condicionada á aprobación definitiva polo Pleno da Deputación, tras a súa correspondente exposición pública.



- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 10/10/2024 (CSV:OFRVGQJFQKWUE79M); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 10/10/2024 (CSV:6KNBV3C3H41M4H1V) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 15/10/2024 (CSV:PE961DKYYFEM1TGI) manifestando a existencia de crédito suficiente na aplicación 2024/942.9420.762.14 do orzamento provincial. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado máis alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.
- En data 18/10/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.d) que exercerán, entre outras, competencias en materia de pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.



- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.



Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA”.

O texto do convenio figura co CSV: 3G7J CZ720FT7DKN9.

A eficacia do acordo queda condicionada á aprobación definitiva polo Pleno da Deputación de Pontevedra do expediente de modificación de crédito 05/2024 para deixar en dispoñible a cantidade de 938.824,63€, e financiar a totalidade do investimento obxecto do convenio que ascende a 1.279.762,39€. Así mesmo, tamén queda condicionada á previa aprobación do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

4.34361.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA “ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL MEDIANTE A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA EP-0405 XESTEIRA-ALMOFREI, DENDE O PQ 0+000 ATA O 1+500” (Expte.2024070952)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.33563 de 08/03/2024 se lle concedeu ao concello de Cerdedo-Cotobade, no marco do Plan + Provincia 2024, unha subvención por importe de 87.050,00 €, con obxecto do financiamento do investimento “Retranqueo de peches de muros, cuneta e galpón en Parada de Tenorio” (Expdte2024014018), en base a un orzamento que ascendía ao mesmo importe. A concesión da subvención quedou condicionada a obtención da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- En data 03/05/2024, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 22.33750, corríxese o erro material padecido nos antecedentes e na parte dispositiva do acordo 6.33563 en relación ao importe do orzamento e da subvención solicitada, que finalmente ascendeu a 87.058,00 €.
- En data 31/10/2024, mediante rexistro WEB2024066763, o concello de Cerdedo-Cotobade desiste á subvención concedida subliñada no parágrafos anteriores, xustificando a súa petición na imposibilidade de dar cumprimento ao requirimento efectuado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través do Servizo de Coordinación Cultural. A enorme complexidade do requirido obrigaría á redacción dun proxecto totalmente distinto ao existente.
- Así mesmo, mediante resolución presidencial núm. 2024004897 de 11/06/2024 se lle concedeu ao concello de Cerdedo-Cotobade, no marco do Plan + Provincia 2024, unha subvención por importe de 10.553,67 euros, con obxecto do financiamento do investimento “Obras de acondicionamento interior e substitución de carpintaría e fosa séptica da antiga casa escola das nenas de Caroi” (Expdte2024019173), en base a un orzamento que ascendía a 70.553,67 euros. O importe que restaba ata completar o orzamento financiábase mediante a axuda solicita a Xunta de Galicia a través do Fondo de Cooperación Local.
- En data 31/10/2024, mediante rexistro WEB2024066763, o concello de Cerdedo-Cotobade desiste á subvención concedida subliñada no parágrafo anterior, xustificando a súa petición na inadmisión parcial e desestimación da solicitude de subvención solicitada á Xunta de Galicia, o que lle impide afrontar a execución do investimento.
- En data 07/11/2024, mediante resolución presidencial núm.2024008592 e mediante resolución presidencial núm. 2024008591, acéptase a desistencia do Concello de Cerdedo-Cotobade ás subvencións concedidas co obxecto do financiamento da obra “Retranqueo de peches de muros, cuneta e galpón en Parada de Tenorio” (Expdte2024014018) e “Obras de acondicionamento interior e substitución de carpintaría e fosa séptica da antiga casa escola das nenas de Caroi” (Expdte2024019173) , o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762.45 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 97.611,67 €.
- Por outra banda, ao mesmo tempo que o Concello de Cerdedo-Cotobade desiste ás subvencións concedidas co obxecto do financiamento dos investimentos “Retranqueo de peches de muros, cuneta e galpón en Parada de Tenorio” (Expdte2024014018) e “Obras de acondicionamento interior e substitución de carpintaría e fosa séptica da antiga casa escola das nenas de Caroi” (Expdte2024019173), achega as novas peticións que se



financiarán co crédito dispoñible tras a desistencia. Entre estas peticións consta a denominada “*Financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o PQ 0+000 ao 1+500*” (Expte. 2024070952) con núm. rexistro de entrada na sede electrónica da Deputación núm. 2024066816 de 31/10/2024.

A subvención solicitada para este investimento ascende a 77.640,14 € e o seu orzamento a 258.800,46 €. O importe que resta ata completar o orzamento e asumido pola Deputación con cargo a aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 22ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras administracións nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello queda exento da aprobación do proxecto técnico.
- Base 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que o Concello poderá destinar o crédito consignado na Liña 1 ao financiamento das achegas a investimentos incluídos en Plans, Programas ou convenios da Deputación Pontevedra ou doutras administracións sempre que se trate de investimentos de competencia municipal e os prazos de execución sexan similares. Así mesmo, cando un concello traslade crédito do Plan + Provincia 2024 con destino ao financiamento das achegas municipais doutros plans, programas ou convenios provinciais, a subvención que se conceda rexerese polas normas do plan ou convenio que se co-financia.
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recolle o procedemento de concesión de subvencións por cambio de finalidade.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do Servizo de Infraestruturas, de data 06/11/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/11/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 7/11/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF: P3600048G, unha subvención por cambio de finalidade, por importe de 77.640,14 €, ao abeiro do Plan +Provincia 2024, co obxecto do “*Financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o PQ 0+000 ao 1+500*” (Expte.2024070952), en base a un orzamento que ascende a 258.800,46 €. A Deputación de Pontevedra co-financia o importe que resta ata completar o orzamento, é dicir, 181.160,32€.
Non obstante, a presente concesión fica condicionada á aprobación do devandito convenio de colaboración e a súa sinatura.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facerlle fronte ao gasto. Posteriormente, a subvención xerará crédito na aplicación que corresponda, realizándose para isto as oportunas operacións en formalización.
- A redacción do proxecto, así como, a licitación, dirección, execución e recepción das obras correspóndelle á Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.34362.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA LOMBA” (Expte. 2024071594)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Vilanova de Arousa o importe que lle corresponde é de 139.349,72€.
A aprobación do repartimento queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación do orzamento 4/2004 (Expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (Expte.2024066943).
- En data 05/11/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024067427) dunha petición do Concello de Vilanova de Arousa, emendada o 08/11/2024 (núm. rexistro WEB2024068351), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 139.349,72€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Renovación do céspede artificial no campo de Fútbol Monte da Lomba”, cun orzamento de 215.121,99 € e unha achega do concello de 75.772,27 €.
O Concello ten previsto cubrir a súa achega municipal de 75.772,27 € solicitando unha axuda a Deputación dentro do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA 2025).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 06/11/2024 (CSV: HP1Q6B175G4TR03M).
- Así mesmo, o 08/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: TDQB9SP1Z73VTHL9) e a Intervención provincial emite informe favorable na mesma data (CSV: AXIV42QXCQRLO33D).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Vilanova de Arousa* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Renovación do céspede artificial no campo de Fútbol Monte da Lomba*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 139.349,72 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa*, CIF P3606100J, a cantidade de 139.349,72 € con destino ao financiamento do investimento “*Renovación do céspede artificial no campo de Fútbol Monte da Lomba*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 215.121,99 €.

O financiamento complétase cunha achega municipal de 75.772,27€.

A concesión da subvención queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación do orzamento 4/2004 (Expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (Expte. 2024066943).

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



6.34363.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO TORREIRO DE VILAMEÁN (FASE II)”, INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2024, CONCELLO DE TOMIÑO (Expte.2024022462)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante acordo da Xunta de Goberno, núm.15.33860, de data 31/05/2024, concedeuse ao *Concello de Tomiño* no marco do Plan + Provincia 2024 liña 1, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 103.399,98 euros con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento da contorna do Torreiro de Vilameán (Fase II)*” Expte.:2024022462, cun orzamento de 103.399,98 euros, desagregado en execución obra 94.999,98€ e honorarios de redacción proxecto e dirección de obra por importe total de 8.400,00 €.

En data 16/10/2024, ten entrada no rexistro da Deputación (WEB2024064103), instancia xenérica do Concello de Tomiño na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “*Acondicionamento da contorna do Torreiro de Vilameán (fase II)*”.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2024 liña 1; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/10/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 32ª reguladora do Plan + Provincia 2024 liña 1, relativa aos excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/10/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 29/10/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 06/11/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado da obra “*Acondicionamento da contorna do torreiro de Vilaméan (Fase II)*” *Concello de Tomiño* (expte.2024022462), aos efectos de que o investimento incluído no Plan + Provincia 2024, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello. O proxecto modificado non supón variación económica respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe do contrato de obra adxudicado e a subvención outorgada por esta Deputación Provincial.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.34364.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E REINVESTIMENTO DA BAIXA DE ADXUDICACIÓN NO FINANCIAMENTO DE PARTE DO INCREMENTO DO ORZAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN RÚA IGLESIA ALVARIÑO”, INCLÚIDO NO PLAN CONCELLOS 2022 2023 LIÑA 1 (ANUALIDADE 2022), CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”(Expte.2021065859)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Acordo plenario núm. 4.8084 de 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de 28/11/2023), polo que se prorroga o Plan Concellos 2022-2023 anualidade 2022, liña 1 Invertementos.

Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 17.31394, do 4 de marzo de 2022, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), por importe de 78.755,18 euros ao concello de Vilagarcía de Arousa co obxecto do financiamento do investimento “*Humanización rúa Aquilino Iglesia Alvariño*” (Expte.2021065859), cun orzamento que ascende a 178.755,18 €.

En datas 14/06/2024, 28/06/2024, 21/08/2024 e 21/10/2024, dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación, oficio do concello de VILAGARCÍA DE AROUSA no que adxunta documentación xustificativa do gasto efectuado (certificacións de obra nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8), por importe de 164.662,52 euros, relativa ao investimento “*Humanización rúa Aquilino Iglesia Alvariño*” e solicita o libramento da parte proporcional do importe xustificicado que ascende a 72.546,30 €.

En data 29/10/2024 con rexistro WEB2024066141, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia xenérica do Concello de Vilagarcía de Arousa na que adxunta proxecto modificado da obra “*Humanización da rúa Aquilino Iglesia Alvariño*” cun orzamento base de licitación de 267.703,32 (IVE incluído), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 16/09/2024, e posteriormente corrixido, por erro no importe, no acordo de Xunta de Goberno Local do día 11/11/2024. No propio proxecto modificado se recollen as necesidades sobrevidas durante a execución das obras e que motivan a redacción do mesmo.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 20ª do Plan Concellos 2022-2023; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/11/2024.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Acordo plenario núm. 4.8084 de 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de 28/11/2023), polo que se prorroga o Plan Concellos 2022-2023 anualidade 2022, liña 1 Investmentos.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2022-2023, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa no financiamento do proxecto modificado.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/11/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 11/11/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 12/11/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e o reinvestimento da baixa de adxudicación no financiamento de parte do incremento do orzamento da actuación “*Humanización rúa Aquilino Iglesia Avariño*” (Expte.2021065859) cun orzamento base de adxudicación de 260.475,33 € (IVE incluído), que supón un incremento sobre o orzamento de adxudicación inicial da obra de 86.546,54 €, quedando o cadro de financiamento da devandita obra tal e como se reflicte deseguido:

Anualidade	Orzamento de adxudicación do modificado	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	260.475,33	78.755,18	0,00	181.720,15
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	260.475,33	78.755,18	0,00	181.720,15

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.34365.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “REPOSICIÓN DE FIRME NA EP-6101 BIDUEIROS-AMEDO, DENDE O P.Q. 2+200 Ó P.Q. 9+388 (CONCELLO DE DOZÓN)”. (Expte.2024053820)

Resultando.-Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a *E.P. 6101 Bidueiros-Amedo* que percorre o termo municipal de Dozón pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude total de 7.188 metros.



Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado, posteriormente procederase o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por César Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “*Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)*”, cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: QU9YO1SM5JDGB0ND.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)*”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 518.067,42 €, con número de operación 202400189569 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de outubro de 2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: QU9YO1SM5JDGB0ND.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: IWJFDRXAQ26DBGLZ, informe xurídico no que se recolle que se estima que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 56FNNBU2UJ153HNO informe de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: *“... Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliábeis mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)*” cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	428.154,89 €
IVE (21%).....	89.912,53 €
Importe Total.....	518.067,42 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): DP1YUB4YNHZQ7XMV, e de prescricións técnicas con código (CSV) QU9YO1SM5JDGB0ND, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 518.067,42 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

9.34366.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”. (Expte.2024053636)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e



tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona que transcorre polo Concello de Arbo e ten un treito antigo xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras.

Resultando.- Que a E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona é unha estrada provincial de 4.192 m de lonxitude. Entre o PQ 2+380 e o PQ 2+450 desta estrada existe un treito antigo de 268 metros de lonxitude que transcorre xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras. Trátase dun treito de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, sen espazos adecuados para o tránsito peonil, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra promove a execución das obras contempladas no proxecto "*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras*" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto "*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras*". Con data 29 de maio de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervinientes

Resultando.- Que a tal fin redáctase polos técnicos D. Ignacio Teijeiro Calvo, D. Pedro Aymerich Iglesias e D. Francisco Rivas Barros adscritos á empresa OTIMA, S.L. o proxecto para a execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*", cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*", por importe de 416.064,84 €, IVE incluído.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 332.851,87 €, con número de operación 202400091096 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial e RC por importe de 83.212,97 € con número de operación 202400198495 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, acreditando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/10/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP- 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*” redactado polos técnicos Francisco Rivas Barros, Ignacio Teijeiro Calvo e Pedro Iglesias Aymerich, adscritos á empresa OTIMA, S.L, cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: TRF1EQWSFQ42Q3KK, informe xurídico no que se recolle que se estima que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6MQ9L7TGY3E3G0RO informe de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*” cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	343.855,24 €
IVE (21%).....	72.209,60 €
Importe Total.....	416.064,84 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 9KSCH9W3ME3F3I39, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 416.064,84 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 24/456.4530.612.02.2023 e 24/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



10.34367.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DOS PARQUES MÓBIL E DE MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2023 PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVICIO”, DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DO ESTADO. (Expte.2024064885)

A Deputación de Pontevedra conta cun amplo parque de vehículos e maquinaria necesarios para o normal exercicio das actividades propias da Institución Provincial, segundo as competencias atribuídas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Ditos vehículos precisan diferentes tipos de combustibles para o seu funcionamento, cuxa subministración é preciso contratar ao tratarse de compras necesarias e habituais. Tendo en conta que a súa adquisición, nestes últimos anos, a través da Central de Compras do Estado aportou uns excelentes resultados tanto en termos de aforro de tempo como de custes, a Deputación de Pontevedra solicitou a adhesión ao Acordo Marco 21/2023, de subministración de combustibles en estacións de servizo, da Central de Contratación do Estado, figurando adherida desde o 5 de setembro de 2024.

Os combustibles a subministrar no ámbito deste acordo marco son:

- Gasolina
- Gasóleo A
- Gasóleo B
- Bioetanol
- Biodiesel
- Gas licuado de petróleo (GLP) ou autogás.

Así mesmo, poderanse adquirir aditivos para a redución e depuración das emisións de gases de escape contaminantes producidas nos motores que o requiran, en disolucións de urea e auga desmineralizada principalmente (tipo AdBlue).

Non obstante, a subministración de gasóleo B non se realizará mediante este sistema posto que o Acordo Marco da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda vai dirixido á reposición en estacións de servizo e actualmente na Deputación de Pontevedra dispónse de depósitos para o abastecemento deste tipo de carburante, sen que sexa posible a subministración do mesmo a través das estacións de servizo.

Tendo en conta que o vindeiro 31 de novembro de 2024 finaliza o contrato baseado no Acordo Marco AM 21/2020 – Lote 1, e, a vista de que diversos servizos da Deputación de Pontevedra puxeron de manifesto diferentes necesidades de adquisición de combustible para a súa flota de vehículos e maquinaria, a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en data 2 de outubro de 2024, dita providencia na que se propón iniciar o expediente para a contratación dun contrato baseado no novo Acordo Marco 21/2023 da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.



O contrato proposto ten un período de duración de 13 meses, desde o 01/12/2024 , ata o 31/12/2025, establecéndose a posibilidade dunha prórroga de ata 11 meses. O orzamento base de licitación é de 399.741,69 €, conforme ao seguinte detalle:

Orzamento base de licitación, sen IVE	330.365,03 €
IVE (21%)	69.376,66 €
Orzamento base de licitación, con IVE	399.741,69 €

O servizo de Contratación elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco, e solicita o preceptivo informe a Subdirección responsable do AM 21/2023.

Tendo en conta o informe do Subdirector Xeral de Contratación Centralizada de Servizos e Subministracións de carácter Operativo de data 8 de outubro de 2024.

Con data 7 de novembro de 2024, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación.

Tendo en conta que en data 4 de outubro de 2024 a Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito para facer fronte aos gastos derivados desta contratación para o ano 2024:

CENTRO XESTOR	RC	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Patrimonio Documental e Bibliográfico	202400211362	24/332.3322.221.03	53,64€
Centro Príncipe Felipe	202400211363	24/232.2312.221.03	2.933,16€
Comunicación Institucional	202400211364	24/924.9240.221.03	105,02€
Cooperación	202400211366	24/942.4330.221.03	447,00€
E.F. Areeiro	202400211368	24/413.4123.221.03	450,44€
Finca Mouriscade	202400211371	24/410.4120.221.03	390,36€
Infraestruturas e Vías Provinciais	202400211376	24/456.4530.221.03	14.897,61€
Medio Ambiente	202400211379	24/410.4100.221.03	765,28€
Novas Tecnoloxías	202400211381	24/926.9260.221.03	50,06€
ORAL	202400211383	24/932.9320.221.03	112,64€
Parque Móbil	202400211387	24/920.9200.221.03	8.581,71€
SAIM	202400211390	24/923.1623.221.03	1.403,91€
Xuventude e Reto Demográfico	202400211392	24/233.3370.221.03	409,46€
Museo de Pontevedra	202400211396	24/333.3330.221.03	149,09€



Así mesmo, a Intervención realiza a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2025 mediante os documentos RCFUT1:

CENTRO XESTOR	RCFUT1	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Patrimonio Documental e Bibliográfico	202400211404	25/332.3322.221.03	643,68€
Centro Príncipe Felipe	202400211406	25/232.2312.22103	35.206,40€
Comunicación Institucional	202400211407	25/924.9240.22103	1.250,25€
Cooperación	202400211408	25/942.4330.22103	5.364,00€
E.F. Areiro	202400211410	25/413.4123.221.03	5.419,10€
Finca Mouriscade	202400211412	25/410.4120.221.03	4.669,60€
Infraestruturas e Vías Provinciais	202400211413	25/456.4530.221.03	178.778,00 €
Medio Ambiente	202400211414	25/410.4100.221.03	9.183,30€
Novas Tecnoloxías	202400211415	25/926.9260.221.03	607,92€
ORAL	202400211416	25/932.9320.221.03	1.341,00€
Parque Móbil	202400211418	25/920.9200.221.03	102.980,00 €
SAIM	202400211419	25/923.1623.221.03	16.850,00€
Xuventude e Reto Demográfico	202400211420	25/233.3370.221.03	4.906,90€
Museo de Pontevedra	202400211421	25/333.3330.221.03	1.792,16€

quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, as indicadas no cadro que antecede.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 21 de outubro de 2024.

Visto que, con data 22 de outubro de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que con data 6 de novembro de 2024, informa favorablemente esta contratación coa seguinte observación:

“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente) e supón un incremento de gasto computable nos exercicios nos que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade nos mesmos.”



Ademais, en tanto que compromete gasto corrente de exercicios futuros, incide no cálculo da estabilidade e da regra do gasto como maior gasto computable dos vindeiros exercicios, e, por conseguinte, na sustentabilidade económico – financeira a medio prazo, tendo, en todo caso, a Deputación, solvencia suficiente para afrontalo”.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (.)”, e no punto 4 establece que “Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación da subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra mediante a Central de Contratación do Estado, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2023 (Lote 1: Península).

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco (COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETROLEOS, S.A. (NIF: A28003119) e SOLRED S.A. (CIF: A79707345)), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo de duración será de 13 meses, desde o 1 de decembro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, establecéndose a posibilidade dunha prórroga de ata 11 meses.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 399.741,69€.

O valor estimado (incluída a posible modificación do 20%) é de 731.885,59 €.

2.- Aprobar o documento de nova licitación (CSV: QQLMPLUOO7AU62PE) que rexerá dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 399.741,69 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDAD	CENTRO GESTOR	APLICACIONES PRESUPUESTARIAS	Importe total (IVE incluído)
2024 (01/12/2024 a 31/12/2024)	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	24/332.3322.221.03	53,64 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	24/232.2312.221.03	2.933,16 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	24/924.9240.221.03	105,02 €
	COOPERACION	24/942.4330.221.03	447,00 €
	E.F. AREEIRO	24/413.4123.221.03	450,44 €
	FINCA MOURISCADÉ	24/410.4120.221.03	390,36 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	24/456.4530.221.03	14.897,61 €
	MEDIO AMBIENTE	24/410.4100.221.03	765,28 €
	NNIT	24/926.9260.221.03	50,06 €
	ORAL	24/932.9320.221.03	112,64 €
	PARQUE MÓBIL	24/920.9200.221.03	8.581,71 €
	SAIM	24/923.1623.221.03	1.403,91 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	24/233.3370.221.03	409,46 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	24/333.3330.221.03	149,09 €
2025 (01/01/2025 a 31/12/2025)	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	25/332.3322.221.03	643,68 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	25/232.2312.221.03	35.206,40 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	25/924.9240.221.03	1.250,25 €
	COOPERACION	25/942.4330.221.03	5.364,00 €
	E.F. AREEIRO	25/413.4123.221.03	5.419,10 €
	FINCA MOURISCADÉ	25/410.4120.221.03	4.669,60 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	25/456.4530.221.03	178.778,00 €
	MEDIO AMBIENTE	25/410.4100.221.03	9.183,30 €
	NNIT	25/926.9260.221.03	607,92 €
	ORAL	25/932.9320.221.03	1.341,00 €
	PARQUE MÓBIL	25/920.9200.221.03	102.980,00 €
	SAIM	25/923.1623.221.03	16.850,00 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	25/233.3370.221.03	4.906,90 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	25/333.3330.221.03	1.792,16 €



O gasto do ano 2025 quedará condicionado á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias

4.- Nomear como responsable do contrato aos xefe dos centros xestores.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 1 do Acordo Marco 21/2023.

O prazo rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 5 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

11.34368.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte.2021061290)

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de “*Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” á UTE ABRAMAR – EOSA (CIF: U09866005), polos prezos e valores reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo, de data 18 de abril de 2022, sendo o prazo de duración desde a formalización ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordos adoptados nas súas sesións ordinarias de data 09 de decembro de 2022 e de data 01 de decembro de 2023, a primeira e segunda prórroga, respectivamente, do contrato de “*Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*”, tendo a última vixencia ata o 31 de decembro do 2024, e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 22 de outubro de 2024, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 19 de setembro de 2024 (data de comparecencia: 19/09/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 04 de outubro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro número 202400211261, polo importe de 104.562,71 €, con cargo a aplicación orzamentaria 25/433.4320.227.75, para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 06 de novembro do 2024 (CSV: N95J2SC9O246K0T1), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga do contrato de “Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas” por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ao 31 de decembro do 2025. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a terceira prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas” subscrito coa empresa UTE ABRAMAR – EOSA (CIF: U09866005), durante o período desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/433.4320.227.75	104.562,71 €



O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

12.34369.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA), FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA SUBVENCIÓN DUS500” (Expte.2023042335)

Resultando.- Que A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2024 acordou adjudicar r á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, por un importe de 905.232,63 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que Con data 08/03/2024 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 08/09/2024.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/07/2024 acordou conceder á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U, (CIF B94181807)., unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*, financiado pola Unión. Europea_ subvención DUS500, motivado polas condicións climáticas adversas existentes nos catro meses de execución da obra, establecendo coma data para finalizala o día 08/11/2024.

Resultando.- Que con data 29/10/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2024066276), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES debido as seguintes circunstancias:

- Existencia de servizos afectados de subministro eléctrico e comunicación, que impiden a correcta execución da senda proxectada, demorando en reiteradas ocasións o programa de traballos establecido.
- Estase a tramitar a aprobación dun proxecto modificado para a modificación do trazado das mangueiras de abastecemento de augas veciñais, que non presentan ningún tipo de elemento de localización. Aínda que o modificado non foi aprobado polo momento, continuáronse executando os traballos evitando a afección do subministro de auga potable ós veciños, realizando catas manuais para a localización das mangueiras co fin de evitar incidencias de rotura continuadas, véndose demorada en reiteradas ocasións o programa de traballo establecido.



Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: L672DPHAWNOQLS0N informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...*Á vista do anteriormente exposto, a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, posto que, con respecto ás redes de telecomunicacións e electricidade, se trata de postes de subministro que se atopan na zona na que se vai a executar a senda e está obrigando a realizar gran parte dos traballos de movemento de terras nesa zona mediante medios manuais, co fin de cumprir cos protocolos de actuación e as especificacións técnicas das compañías subministradoras en zonas de actuación próximas as súas redes, provocando que os rendementos sexan mínimos [...]. Con respecto ás mangueriras de abastecemento de auga potable para os veciños de Almofrei, indicar que, tal e como se especificou na solicitude de redacción de proxecto modificado, son mangueriras que se atopan sen sinalizar cunha banda sinalizadora, non están enterradas a unha profundidade constante nin levan unha traza lineal, motivo polo cal, ata que se poidan substituír e colocar na nova traza contemplada no proxecto modificado, a empresa construtora viuse obrigada a realizar as obras coas mangueriras en metade da traza de novas redes contempladas no proxecto construtivo, como por exemplo as redes de pluviais, ou realizar movemento de terras e escavacións localizando a man primeiro as mangueriras para telas en todo momento localizadas e non rompelas durante os traballos, evitando así avarías e deixar aos veciños de Almofrei sen abastecemento de auga potable, motivando retrasos na correcta execución da obra ó ter que coordinar os propios traballos da obra coa localización e non afección ás mangueriras de abastecemento de auga, véndose demorado en reiteradas ocasións o programa de traballos establecido, reducindo os rendementos de traballo de movemento de terras (escavacións de cimentacións de muros, execución de gabias de redes, etc.) en comparación ós contemplados antes de detectar a existencia destas mangueriras sen sinalización, tendo incluso que realizar gran parte destas escavacións a man para evitar danos no subministro de auga, considerando xustificada a ampliación do prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, ata o 08 de xaneiro de 2025, para a correcta finalización dos traballos e compensar así os baixos rendementos motivados polas redes existentes no ámbito de actuación. A maiores, non existen afeccións ao proxecto, nin a condicións de execución nin ao prezo do contrato, que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalado [...]*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: F2VAZC670RYUVP9I, informe conxunto do Xefe de Servizo de Contratación, do Interventor e do Secretario Xeral da Deputación, no que se informa favorablemente a ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 08/01/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...*O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...*”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...*Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”



Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2024 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. , para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na segunda ampliación do prazo de execución do contrato da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, por un importe de 1.452,00 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: OGHE3DDTRUC8BU26, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/58, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400231674.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U, (CIF B94181807)., unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, financiado pola Unión Europea_ subvención DUS500, establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/01/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na segunda ampliación do prazo de execución do contrato da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” (Expte 2024070731), por un importe de 1.452,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	1.200,00 €
IVE (21 %)	252,00 €
Importe total	1.452,00 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, con efectos dende o 09/11/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024070731.

13.34370.- INVITACIÓN Á LICITACIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO PARA A RENOVACIÓN DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN PERIMETRAL (FIREWALL) DA DEPUTACIÓN NO MARCO DO LOTE 1 DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN 24/2022 “SUBMINISTRO DE EQUIPOS DE COMUNICACIÓNS, SERVIDORES E SISTEMAS DE ALMACENAMENTO” DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DO ESTADO (Expte.2024063909)

Actualmente a Deputación de Pontevedra, para poder exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón dunha infraestrutura para a seguridade perimetral formada por equipos Firewal de última xeración. Esta infraestrutura está composta principalmente por dous equipos Firewal, do fabricante Palo Alto Networks e da serie 3250 que foron adquiridos no ano 2018. Para posibilitar a continuidade da prestación dos servizos facilitados por estes equipos baixo o soporte do fabricante é preciso a súa renovación, así como a renovación das licenzas e do soporte técnico e mantemento asociados aos mesmos.

Tendo en conta que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente estes traballos e a que ademais non é viable ampliar o equipo de persoal do servizo de Novas Tecnoloxías, en data 23 de setembro de 2024 a Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital ditou providencia na que se propón contratar a renovación dos equipos de protección perimetral (firewall) da Deputación de Pontevedra a través dun contrato específico no marco do Lote 1 (equipos de comunicacións) do sistema dinámico de adquisición 24/2022 “subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

Para a presente contratación invítase ás empresas que figuran dentro do lote 1 do SDA 24/2022 (Equipos de comunicacións, lote 1), a que presenten ofertas a través da plataforma de licitación da Deputación de Pontevedra.



O contrato proposto ten un período de duración de tres anos a partir do período de entrega (que se establece nun máximo de 45 días desde a adxudicación do contrato específico. Non se establece posibilidade prórroga. O orzamento base de licitación é de 137.013,04 €, conforme ao seguinte detalle:

Orzamento base de licitación, sen IVE	113.233,92 €
IVE (21%)	23.779,12 €
Orzamento base de licitación, con IVE	137.013,04 €

O servizo de Contratación elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas regulador do SDA.

Con data 11 de novembro de 2024, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación.

Tendo en conta que en data 30 de setembro de 2024 a Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito para facer fronte aos gastos derivados desta contratación para o ano 2024:

CENTRO XESTOR	RC	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE incluído)
Novas Tecnoloxías	202400207830	2024/926.9260.626. 01	51.249,82 €
	202400207833	2024/926.9260.206. 00	19.374,42 €
	202400207834	2024/926.9260.227. 23 (2 meses)	1.535,55 €

Así mesmo, a Intervención realiza a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2025 mediante os documentos RCFUT1:

CENTRO XESTOR	RCFUT1	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE incluído)
Novas Tecnoloxías	202400207837	2025/926.9260.206. 00	19.374,42 €
	202400207838	2025/926.9260.227. 23	9.213,32 €

quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2025, 2026 e 2027) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, para a anualidade 2025 as indicadas no cadro que antecede, para o ano 2026 a 2026/926.9260.206.00 (19.374,42€) e a 2026/926.9260.227.23 (9.213,32€) e para o ano 2027 a 2027/926.9260.227.23 (7.677,77€ - 10 meses).

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 25 de outubro de 2024.



Visto que, con data 28 de outubro de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que con data 07 de novembro de 2024, informa favorablemente esta contratación, coa seguinte observación:

“O gasto a executar é imputable aos capítulos 2 (gasto corrente) e 6 (investimento) do estado de gastos e supón un incremento de gasto computable no exercicio no que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade no mesmo. Ademais, en tanto que compromete gasto corrente e gastos de investimento de exercicios futuros, incide no cálculo da estabilidade e da regra do gasto como maior gasto computable dos vindeiros exercicios, e, por conseguinte, na sustentabilidade económico – financeira a medio prazo”.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando acordo marco e sistemas dinámicos(..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco ou dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da prestación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a renovación dos equipos de protección perimetral (Firewall) da Deputación de Pontevedra a través dun contrato específico no marco do Lote 1 (equipos de comunicacións) do sistema dinámico de adquisición 24/2022 “subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Lote 1 do citado SDA 24/2022 (CSV: TKVG9BWO1LUK0SRE), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito SDA.

O prazo de duración será de tres anos a partir do período de entrega, que será como máximo de 45 días.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 137.013,04€.

O valor estimado é de 113.233,92 €.



2.- Aprobar o documento de invitación (CSV: V906RQTMV6U0IKIU) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 137.013,04 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/926.9260.626.01	51.249,82 €
2024	24/926.9260.206.00	19.374,42 €
2024	24/926.9260.227.23 (2 meses)	1.535,55€
2025	25/926.9260.206.00	19.374,42 €
2025	25/926.9260. 227.23	9.213,32 €
2026	26/926.9260.206.00	19.374,42 €
2026	26/926.9260. 227.23	9.213,32 €
2027	27/926.9260. 227.23 (10 meses)	7.677,77 €

As obrigas dos exercicios 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionadas á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

4.- Nomear como responsable do contrato ao xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 1 do SDA 24/2022 (CSV: TKVG9BWO1LUK0SRE).

O prazo rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).



14.34371.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA MONFORTE, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DI LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA -LOTE 1/CB9- (Expte. AM2020044426 - CB2022063369) (Devogarán 2024064881)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426).

Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2022007580, de data 25 de outubro de 2022 (CSV.- 2KPPD5FLIA33P6JW), adxudicouse o Contrato Derivado 09, de dito Acordo Marco (Lote 1. Comunicación Institucional / 2022063369).

Para responder da realización do Contrato Basado 2022063369, que compuxo este subministro, a entidade mercantil *Empresa Monforte, S.A.* (CIF.- A-15.019.243), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EMPRESA MONFORTE, S.A. (A-15.019.243)	2022063369/09	556,20€	202200216476	31/10/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Comunicación Institucional (CSV.- XDBSLX7OO0857VD5), no cal sinala que EMPRESA MONFORTE, S.A., cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe total de 556,20 €.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte de *Empresa Monforte, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Basado número 2022063369 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2021044426), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Empresa Monforte, S.A.* (A-15019243), por resultar adxudicataria de dito *Contrato Derivado*:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de cincocentos cincuenta e seis euros con vinte céntimos (556,20 €), para responder do (Lote 1. Comunicación Institucional / CD2022063369), que foi depositada na Tesourería Provincial o 31/10/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200216476.

15.34372.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8404 PIÑEIRO-ARCOS, DENDE O P.Q. 0+000 Ó P.Q. 3+416 (CONCELLO DE CUNTIS)”. (Expte. 2024068292)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 8404 Piñeiro - Arcos que percorre o termo municipal de Cuntis pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 3.416 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado.



Posteriormente, procederáse o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repoñeráse a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. César Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)*”, cun orzamento base de licitación de 522.791,91 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: U9WEM3PD7MN8IOMK.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 522.791,91 € con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial (número operación 202400231712), certificando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: JDZ83D516UUJ7ILX.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”



Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 522.791,91 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: U9WEM3PD7MN8IOMK.

16.34373.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2024072186)

Vista a relación de facturas con número 2024072186, que contén 11 facturas e por un importe de 19.349,00€ e con CSV: 28KJSWJTJJQAWQG6, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/11/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	19.320,11 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	28,89 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	19.349,00 €



17.34374.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2024072184)

Vista a relación de facturas con número 2024072184, que contén 3 factura e por un importe de 75.504,00 € e con CSV: 33NW4PUJ6HEIXY1L, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/11/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	75.504,00 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	75.504,00 €

18.34375.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PROVINCIA + INCLUSIVA” PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO SITUADAS EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS E A ADQUISICIÓN DE AXUDAS TÉCNICAS(Expte. 2023072114)

1º.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024, aprobou mediante acordo número 34.33686 a convocatoria e bases reguladoras do programa “Pontevedra, provincia + Inclusiva”, para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas.

2º.- A convocatoria foi publicada no BOPPO nº 82 de data 26 de abril de 2024, abríndose un prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte á mencionada publicación para presentar as solicitudes.

3º.- Finalizado dito prazo, rexistráronse un total de 31 solicitudes, que tal e como recolle a base décimo terceira da convocatoria, foron analizadas polo órgano instrutor, emitindo con data 21 de outubro de 2024 un informe proposta no que se recolle o resultado da devandita análise (CSV: Y8AOWZ9LZ0*TLQZT).

4º.- Con data 24 de outubro de 2024, Intervención emite informe de fiscalización das solicitudes, previo á aprobación polo órgano competente (CSV: M1Y2RA6N9CK469MQ).

Tras o informe da Comisión de Valoración (CSV: 6WKE'T8O8OUM3MDBV), o órgano instrutor formulou a proposta de resolución provisional con data 25 de outubro de 2024 (CSV QI0H2WRZH3TN3GDF), a cal



se lles notificou ás entidades solicitantes, que, conforme a base décimo terceira, terán un prazo de dez (10) días para formular alegacións, contados a partir da publicación do anuncio da resolución provisional no BOPPO nº211 de 29 de outubro de 2024.

5º.- Iniciado o trámite de audiencia, as entidades manifestan dificultades para cumprir cos prazos de execución das obras, así como para o subministro das axudas técnicas por parte dos provedores dentro do prazo establecido na base quinta.

Con motivo de que as entidades beneficiarias poidan executar as actuacións para as que presentaron a solicitude de subvención, de *maneira excepcional, o prazo de execución das actuacións financiadas ampliarase ata o 28 de febreiro de 2025, polo que se propón a modificación das bases reguladoras do programa “Pontevedra, Provincia + Inclusiva” para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas, no relativo aos prazos de execución e xustificación.*

6º.-Con data 06/11/2024 intervención e secretaría emiten a súa conformidade coa proposta de modificación das bases (CSV: RMMV9BY2ATXZBQ1N) e (CSV: K3Q7AUZ21FK18AFV)

Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou as citadas bases, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación das bases quinta e décimo cuarta das bases reguladoras do Programa “*Pontevedra, Provincia + Inclusiva*” para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas no ano 2024, no relativo aos prazos de execución e xustificación:

ONDE DI:

“ (...)

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

(...)

Décimo cuarta. Pagamento e xustificación

(...) O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2025 (...)”

DEBE DICIR:

“ (...)

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 28 de febreiro de 2025.

(...)

Décimo cuarta. Pagamento e xustificación

(...) O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 31 de marzo de 2025 (...)”



19.34376.- SEGUNDA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024004195)

ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.
2. Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 9 de febreiro de 2024, punto núm. 15.33448 (modificado por acordo da Xunta de Goberno do 4 de outubro de 2024, punto núm.14.34241), aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
3. No caso do *Concello de Rodeiro*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 3 meses</i>	122.487,26 €	122.487,26 €	0,00 €	122.487,26 €

4. O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024066524, do 30/10/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade minorar a duración do contrato do posto de 1 auxiliar administrativo/a e incrementar a do posto de traballador/a social.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias, o interesado solicita a modificación da duración dos contratos de dous postos de traballo (1 traballador/a social e 1 auxiliar administrativo/a), o orzamento e a subvención con respecto a súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (nº de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5,8666 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 2,1666 meses</i>	122.461,54 €	122.461,54 €	0,00 €	122.461,54 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 9 de febreiro de 2024, punto núm. 15.33448 (modificado por acordo da Xunta de Goberno do día 4 de outubro de 2024, punto núm.14.34241), no referente á subvención concedida ó *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (nº de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5,8666 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 2,1666 meses</i>	122.461,54 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: A3RJWVGP5YN2TBDL) e do informe de Intervención (CSV: NMLXAGIL4IR5E9PM), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 09/02/2024, punto nº15.33448 (modificado por acordo da Xunta de Goberno do día 04/10/2024, punto nº14.34241), no referente á subvención concedida ó *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem durante 9,4666 meses; 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 9,4666 meses; 4 peóns servizos múltiples en xornada de 25 h./sem. durante 6,5666 meses; 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 5,8666 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 2,1666 meses</i>	122.461,54 €

2.Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



20.34377.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024009559)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.
- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 23/02/2024, punto núm. 16.33515, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- No caso do *Concello de Salvaterra de Miño*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (nº de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneís, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo e 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 monitor/a sociocultural, 1 técnico/a de turismo e 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor e 2 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses.</i>	224.461,38 €	224.461,38 €	0,00 €	224.461,38 €

- O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024066777, do 31/10/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de axustar a duración do contrato do posto de técnico/a de turismo, contratada inicialmente en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses, tras a renuncia da traballadora contratada.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de axustar a duración do contrato dun técnico/a de turismo, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento e da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneis, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 monitor/a sociocultural, 1 técnico/a de turismo e 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor e 2 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses.</i>	217.876,27 €	217.876,27 €	0,00 €	217.876,27 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de febreiro de 2024, punto núm. 16.33515, no referente á subvención concedida ó *Concello de Salvaterra de Miño*, CIF núm. P3605000C, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	18	1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneis, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 monitor/a sociocultural, 1 técnico/a de turismo e 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor e 2 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses.	217.876,27 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: YKZ2T82JGK9VNXOY) e da dilixencia de Intervención (CSV: 38992CGWM5VLKUB7), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23/02/2024, punto nº16.33515, no referente á subvención concedida ó *Concello de Salvaterra de Miño*, CIF núm. P3605000C, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	18	1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneis, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 monitor/a sociocultural, 1 técnico/a de turismo e 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor e 2 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses.	217.876,27 €



O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1 respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

21.34378.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE XULLO DE 2024 (Nº 19.34011), POLO QUE APROBABAN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte.2024040737)

Que con data 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno aprobaba, con acordo número 19.34011, as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 do circuítio “+ESCÉNICAS” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra e que saen publicadas no BOPPO núm. 133, de data 9 de xullo de 2024.

Polo centro xestor detéctase un erro nas referidas bases e concretamente na base 20, faise a seguinte corrección:

Onde figura: *“Para o cobramento do importe que lle corresponde aboar á Deputación, os concellos deberán achegar, no prazo dun mes tras a realización de cada espectáculo, a seguinte documentación: ...”*

Debe figurar: *“Para o cobramento do importe que lle corresponde aboar á Deputación, os concellos deberán achegar, a seguinte documentación: ...”*

De acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que *“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos”* e coa dilixencia favorable de Intervención de data 8 de novembro de 2024, procede corrixir o indicado erro.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Corrixir o erro no acordo núm. 19.34011 adoptado na Xunta de Goberno do 5 de xullo de 2024 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 do Circuítio “+ESCÉNICAS” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, nos termos expostos anteriormente.

Permanecendo invariable o resto do contido do citado acordo.



22.34379.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS)” (Expte. 2024066945)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da EP-2601 Mos-Puxeiros.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)” no termo municipal de Mos.

Este proxecto contempla as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria, incluíndo a creación dunha nova senda peonil que vai dende o cruzamento do Camiño de Santiago, pasando pola contorna da Igrexa de Santa Eulalia, o acceso ao paseo fluvial, ao parque infantil e remata coa conexión coa N-550. Tamén acondicionará a circulación de vehículos cunha nova organización de espazos e a renovación do firme. A renovación da iluminación e da recollida de augas pluviais, tamén se incorporan elementos reductores de velocidade na estrada. A actuación abrangue aproximadamente 575 metros de lonxitude.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	1.256.292,61€
IVE 21%	263.821,45 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.520.114,06 €



2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente

- Certificado de posta a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras CSV: AW22SQXXYE6H5SY6Z4ATZ47PK
- Decreto:2024-1395 data 21/10/2024 aprobando o Convenio

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Consta no expediente:

- Proxecto asinado CSV: NHNPUNQB7DEYNFF.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 24/10/2024 co CSV: IZ82FQUP7N1D0FQ7.
- Informe favorable de supervisión do proxecto CSV: IYLLX0QD7WTHBW5N.
- Informe favorable de Secretaría Xeral CSV: 1FHTZL12G4USSO1J.
- Informe favorable de Intervención CSV: JI0D9ZEA5PBPUU0J.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Mos* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.216.091,25 €	80
Concello de Mos	304.022,81 €	20
Total obras	1.520.114,06 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do *Concello de Mos* será de 304.022,81 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.



O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberáselle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Mos.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.



O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Mos co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS)”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre polos concello de Mos e ten unha lonxitude de 5.660 metros. Esta categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.*

VI.- *A E.P. 2601 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade e sen beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.*

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS)" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Mos, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil entre o P.Q. 2+250 e o 3+600 da citada estrada provincial.

O proxecto contempla a creación dunha itinerario peonil duns 1.350 metros de lonxitude mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada. Inclúe tamén a pavimentación da calzada no treito da actuación, a renovación da rede de drenaxe, a execución de elementos físicos de calmado de tráfico, a renovación do alumbeado público, a colocación de mobiliario urbano, o soterramento de servizos afectados, etc. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.



VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución do proxecto de "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos-Puxeiros, dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600".

O proxecto contempla a creación dunha itinerario peonil duns 1.350 metros de lonxitude mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada. Inclúe tamén a pavimentación da calzada no treito da actuación, a renovación da rede de drenaxe, a execución de elementos físicos de calmado de tráfico, a renovación do alumbeado público, a colocación de mobiliario urbano, o soterramento de servizos afectados, etc. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a un millón douscentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con sesenta e un céntimos (1.256.292,61 €), máis douscentos sesenta e tres mil oitocentos vinte e un euros con corenta e cinco céntimos (263.821,45 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total un millón cincocentos vinte mil cento catorce euros con seis céntimos (1.520.114,06 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Mos mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.216.091,25 €	80
Concello de Mos	304.022,81 €	20
TOTAL OBRAS	1.520.114,06 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Mos será de 304.022,81 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.



De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Mos.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Mos obrigas a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 desta cláusula.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*



- 2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, enténdéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta*
- 3) *precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Mos faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local □ Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*



- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,

Luis López Diéguez

Polo Concello de Mos,

Nidia María Arévalo Gómez

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

23.34380.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

24.34381.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

25.34382 ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e corenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

